



## INFORME AS EMENDAS PRESENTADAS

### Informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria

**Asunto:** Emendas presentadas ao Proxecto do Orzamento para o ano 2021

**Expediente:** 69/142, Orzamento xeral ano 2021

**Comisión Informativa:** Orzamentos e Facenda

#### Calendario:

- Celebración da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda na que se fixa o prazo de apertura de presentación de emendas: 06/11/2020.
- Prazo de presentación de emendas entre o 06/11/2020 até o 11/11/2020.
- Resolución de emendas: 12/11/2020.
- Ditame da Comisión informativa: 13/11.

#### Emendas presentadas:

- Populares de Vigo, N°. Rexistro do Pleno: 2677/1101, a totalidade
- Grupo Mixto, N°. Rexistro do Pleno: 2680/1101, a totalidade.
- BNG, Membro non adscrito, N°. Rexistro do Pleno: 2678/1101, parcial

**Remisión da documentación para informe dende:** Secretaría Xeral do Pleno

- **Data da remisión:** 14,00 horas do 11/11/2020.

**Remisión do Informe á:** Secretaría Xeral do Pleno, 12/11/2020

#### Normativa aplicable:

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

Regulamento (UE) N°. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC- 2010).

Regulamento (CE) n° 1466/97 do Consello, relativo ao reforzo da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro.

Regulamento orzamentario (RP), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 69/142  
Proxecto Orzamento 2021

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016 (ROP).

Orde EHA/3565, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura do orzamentos das Entidades Locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo .

Acordo adoptado pola Comisión Europea de suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal (estabilidade, regra de gasto e endebedamento) e activación da cláusula de escape para os anos 2020 e 2021, aínda que fixando uns índices orientativos de déficit.

Acordo do Consello de Ministros o 6 de outubro polo que se suspende os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebedamento para o período 2020 e 2021 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

O Congreso dos Deputados en sesión do 20 de outubro, apreciación por maioría absoluta de membros, que se dá unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais de acordo ao previsto no artigo 135.4 da Constitución e artigo 11.3 da LOEPSF, polo que, acorda a suspensión das regras fiscais para os anos 2020-2021.

#### Informe

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 3 de novembro de 2020, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI, esta en liquidación por elo sen orzamento para o ano 2021.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 06/11/2020 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 3 de novembro de 2020. O prazo fixado comezou o día 06/11/2020 coa entrega dun soporte informático con toda a documentación que contén o expediente 69/142, e rematou as 14,00 horas do día 11/11/2020.

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno. Ademais da entrega do soporte informático aos voceiros, con data 03/11/2020, pola Secretaría do Pleno, autorízase a todos os Concelleiros que conforman o Pleno, o acceso ao expediente electrónico coa finalidade de que poidan consultar e imprimir todos os documentos que consideren necesario para o estudo e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente, quedando así garantida a posta a disposición da documentación que conforma o expediente para o estudo e a formación da vontade dos Grupos Políticos Municipais.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 11/11/2019 e rexistradas polo rexistro do Pleno na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente físico e electrónico.

As emendas presentadas, ao marxe da súa tipificación de parciais ou a totalidade do Proxecto, sen prexuízo

Informe de avaliación das emendas presentadas ao proxecto de Orzamento para o ano 2021

2



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 09:59

Páxina 2 de 13

Expediente 69/142

CSV: 23EB8A-46E34A-3BCFCB-KXGZXW-PJGN63-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



do informe que poida emitir a Intervención Xeral se das mesmas se alterase o informado sobre o cumprimento dos equilibrios orzamentarios e sobre a aproximación do Proxecto en trámite en relación cos índices de referencia para os distintos subsectores públicos, vaise informar legal e tecnicamente sobre o contido das mesmas, e si é posible, sobre a súa proposta de aceptación ou rexeitamento.

*Limitacións previstas no Regulamento Orgánico do Pleno en relación ás emendas que se presenten*

No informe de avaliación se terá en conta o contido do artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno:

- As emendas de creación ou de incremento dos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. As emendas de supresión ou minoración ós estados de gastos admitiranse se propoñen un incremento por igual contía.
- Non se admitirán emendas que supoñan incrementos ó estado de ingresos. As emendas ós estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos previstos, requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda que manifestará a súa posición no prazo de tres días.
- As emendas ó articulado das Bases de execución do orzamento que supoñan creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán de ter a súa correspondente emenda ós estados de gastos e aplicaráselles a regra referida no apartado 2. Non se admitirán emendas ó articulado que supoñan aumento dos ingresos, as que supoñan diminución tramitaranse conforme ó procedemento recollido no apartado 2.
- Incorporadas as emendas ó expediente a Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mesmas ao departamento municipal competente en materia de orzamentos ao obxecto da emisión do correspondente informe.

*Outras limitacións de tipo legal ou de equilibrios orzamentarios*

Ademais de terse que suxeitar ao contido do previsto no artigo 83 do ROP, as emendas que se presenten deberán ter en conta os equilibrios orzamentarios que figuran no expediente.

A Comisión Europea acordou a suspensión temporal do Pacto de Estabilidade e Crecemento, que obriga a manter baixo control o déficit e a débeda. A Comisión Europea e o Consello aprobaron o pasado marzo activar a cláusula xeral de salvagarda. E máis recentemente, no mes de setembro, comunicouse que a cláusula de salvagarda manterase activa en 2021. Dita activación implica que non se suspenden os procedementos do Pacto de Estabilidade e Crecemento, pero permite aos Estados membros pospor e deixar en suspenso a senda de consolidación fiscal fixada con anterioridade á crise. Por tanto, a suspensión das regras fiscais prodúcese en cumprimento das medidas adoptadas pola UE para reforzar a resposta á crise e desenvolver un marco de reconstrución, transformación e resiliencia para seguir avanzando.

O Goberno na sesión do Consellos de Ministros de data 6 de outubro aprobou a suspensión da senda de estabilidade vixente e deu visto e prace ao teito de gasto non financeiro do Estado de 2021.

O Congreso dos Deputados na súa sesión do 20 de outubro de 2020, apreciou, por maioría absoluta, que da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais, requisitos que establece o artigo 135.4 da Constitución Española e artigo 11.3 da LOEPSF, quedando suspendidas as regras





de disciplina orzamentaria para o 2020 e 2021.

No entanto, a previsión do Executivo xa inclúe unha redución do déficit público no 2021 (do 11,3% do PIB previsto para o ano 2020 ao 7,7% no ano 2021) e da débeda pública (do 118,8% do PIB para o ano 2020 ao 117,4% o ano 2021). Estes datos, que a seguen a estar vixentes, están superados por outras institucións (FMI), que elevan o déficit ao 14,1% do PIB e a débeda un 123%.

Ademais, aínda neste escenario de suspensión da consolidación fiscal, existirán uns niveis de déficit de referencia que servirán para permitir o funcionamento orzamentario ordinario de ambos exercicios. O Goberno fixou unhas taxas de déficit de referencia que sirvan como orientación e guía. O déficit de referencia para España no ano 2020 será do 11,3 e do 7,7% para 2021. Por subsectores para o ano 2021:

- O déficit da Administración Xeral do Estado será do 5,2% (xa que asume o custo dos 31.882 millóns das transferencias á Seguridade Social e comunidades autónomas),
- as comunidades autónomas do 1,1%,
- a Seguridade Social, do 1,3%,
- as entidades locais terán un déficit de referencia aproximado do 0,1% e tamén poderán facer uso dos seus remanentes de tesouraría este ano e o que vén, grazas á suspensión das regras fiscais.

Polo que, dentro de esta suspensión, hai unha certa disciplina que posibilite a partires do ano 2022 iniciar unha nova senda de consolidación fiscal.

Con todo, segue sendo de aplicación o réxime orzamentario do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais na súa totalidade, e, concretamente, o principio de equilibrio orzamentario (con criterio orzamentario) que esta contén no seu artigo 165.4, de modo que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial.

A suspensión das regras fiscais non implica outra correlativa das obrigas que teñen as administracións públicas con terceiros, e, concretamente, cos provedores. Os prazos para atender a débeda comercial están fixados na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e deben cumprirse polas administracións públicas.

Mantense a aplicación na súa totalidade do réxime de endebedamento das EELL establecido no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e noutras normas con rango de lei.

Non é necesaria a regra especial de destinar o superávit a investimentos financeiramente sustentables.

En relación cos informes de sustentabilidade financeira a que fai referencia o artigo 7.4 da LRBRL, continúan os criterios de valoración no informe salvo o requisito de cumprimento da Estabilidade Orzamentaria.

*As emendas, no contexto deste novo escenario, deberán respectar as seguintes limitacións:*

- Os empregos deben de axustarse ao marco de competencias que regula o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa modificación incorporada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, (LARSAL).
- As emendas non deberán afectar ou incrementar o gasto corrente nin aplicarse a investimentos que consoliden no futuro incrementos de gasto corrente.





- As emendas deberán garantir que os empregos propostos non poñen en perigo a sustentabilidade orzamentaria de medio prazo.
- As emendas deben respectar o equilibrio orzamentario que regula o artigo 165.4 do TRLRFL, de modo que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberán aprobarse sen déficit inicial
- Se a emenda ten un contido non técnico, que propón dentro dos marxes de discrecionalidade dos créditos unha aplicación alternativa dos recursos, de tal xeito que deba ser considerada de oportunidade política, o informe técnico non entrará na súa análise, e fará constar esta circunstancia na tipificación técnica da emenda, sendo a proposta que faga o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda á Comisión para ditame, o que se pronuncie sobre a súa aceptación ou rexeitamento.

*Solicitud de informe aos efectos de dar cumprimento ao artigo 83.5 do ROP*

Aos efectos de emisión do informe técnico, a Secretaría do Pleno, incorporou o día 11/11/2020 ao expediente electrónico as emendas presentadas, sendo este o soporte documental sobre a que se emite o informe.

En cumprimento do previsto no artigo 83.5, ao amparo do previsto na Resolución do Sr. Concelleiro de Xestión Municipal de data 25 de febreiro de 2016, informo.

As emendas relacionan os programas e capítulos que son obxecto de minoración, aumento ou de nova creación. Aos efectos de non reproducir no informe a identificación da estrutura orzamentaria, non se reflicten no informe, remítome para a súa identificación ao texto da emenda e ao programa orzamentario, aínda que se incorpora a síntese que se fai das emendas.

*Cuestión previa relacionada co marco de competencias das Corporacións Locais que afecten as emendas, e que neste caso, terán un un tratamento conxunto.*

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que introduciu unha modificación importante en varias normas, entre elas, á Lei 7/1985, perseguía varios obxectivos: clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións de forma que se faga efectivo o principio «unha Administración unha competencia», racionalizar a estrutura organizativa da Administración local de acordo cos principios de eficiencia, estabilidade e sustentabilidade financeira, garantir un control financeiro e orzamentario máis rigoroso e favorecer a iniciativa económica privada evitando intervencións administrativas desproporcionadas.

Respecto ao obxectivo de clarificar as competencias locais e avanzar no principio «unha Administración unha competencia», a norma quere evitar os problemas de solapamentos competenciais entre Administracións.

Introduciu unha limitación as competencias que até ese momento regulaba o artigo 25.2 da LRBRL.

Redacción que contiña o apartado 1 do artigo 25, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cuantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.





Redacción actual. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal *nos termos previstos neste artigo*.

En canto ao apartado 2, O Municipio exercerá en todo caso como *competencias propias*, en substitución de, o Municipio exercerá, en todo caso, competencias. As competencias propias a conforma a lista pechada do artigo 25.2

A nova redacción, establece o grupo de competencias. As competencias locais, de conformidade coa redacción dada ao artigo 7 dá LRBRL, clasifícanse en dous grandes grupos: competencias propias e competencias atribuídas por delegación.

As competencias propias están determinadas por lei, exercéndose en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais Administracións Públicas.

Son competencias propias dos municipios, en todo caso, as que se exercen sobre as materias referidas no artigo 25.2 dá LRBRL.

En relación co comercio, a regulación queda reducida ao apartado i): Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

A Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista, a competencia dos Concellos queda limitada á autorización para a venda ambulante.

A DA quinta dá Lei 31/1990, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 1991, atribúe ás Autoridades Locais capacidade sancionadora en materia de sanidade e consumo.

El Real Decreto Lexislativo 1/2007, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios, cita ás Entidades Locais de forma xenérica en relación ao comercio ambulante.

Non hai polo tanto no ordenamento xurídico vixente máis competencias para as Entidades Locais no ámbito do comercio que as citas que se fixeron.

As competencias delegadas (artigo 7.3 dá LRBRL), son aquelas que, con tal carácter, atribúen o Estado e ás Comunidades Autónomas ás Entidades Locais mediante unha disposición ou un acordo, exercéndose ditas competencias nos termos establecidos na mesma e con suxeición ás regras do artigo 27 da LRBRL, debendo prever técnicas de dirección e control de oportunidade e eficiencia.

A priori, cabería dicir que se o Concello desexase desempeñar competencias en materia de comercio, só podería facelo mediante delegación dá competencia, ou unha vez tramitado o expediente previsto no artigo 7.4 dá LRBRL (competencias impropias).

En relación coa competencia en materia de comercio, o artigo 31 do Decreto 175/2015, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, residencia na Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, a planificación, coordinación e control das competencias dá Consellería en materia de comercio interior e exterior, artesanía e consumo; a planificación e desenvolvemento das estruturas comerciais, feiras, mercados e lonxas, agás as pesqueiras en primeira venda; a tutela e coordinación das actividades das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación e mais a intervención en materia de prezos sobre cales se deba pronunciar a Comisión de Prezos de Galicia.





As Corporacións locais para poder acollerse a cláusula de capacitación xeral que reflicte o artigo 25.1 para exercer unha competencia distinta da propia, son necesarios os informes vinculantes da Administración competente por razón de materia, no que se sinala a inexistencia de duplicidades.

A Xunta de Galicia ten aprobada a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, na que se regula o procedemento para o exercicio de competencias delegadas, o requisitos e informes preceptivos que teñen que emitir, tanto a Consellería de quen dependa a materia como a Consellería de Facenda, ademais de todo o procedemento que ten que seguir a Entidade que o solicite, quedando regulamentado nos artigos 2 e seguintes da devandita norma.

No marco da crise polo coronavirus, coa vontade de impulsar a determinados sectores, xorden iniciativas e propostas para a concesión de subvencións a comercios, PEMES, hostaleiros, que resultan de imposible cumprimento ao amparo da normativa estatal e autonómica, agás que se faga seguindo o procedemento regulado no artigo 7.4 da LRBRL, relativo a competencias impropias.

A actividade subvencionada debe formar parte do ámbito competencial da entidade que subvenciona; así o sinalou a xurisprudencia constitucional sen excepción algunha.

Por tanto, no outorgamento da subvención deberá xustificarse a actividade que se subvenciona e que esta forma parte do ámbito competencial do Concello.

De tal maneira que se se pretende subvencionar unha actividade que non forma parte do ámbito competencial propio, primeiro deberase expor o exercicio da competencia das que se denominan impropias, tal e como establece o artigo 7.4 da LRBRL, que esixe:

- Que o exercicio non de nova competencia non poña en risco a sustentabilidade da Facenda municipal.
- Que non se realice a competencia pola Comunidade Autónoma.
- No expediente tense que acreditar:
  - Que no exercicio da competencia non se incorre en duplicidade con outra Administración Pública.
  - Que se cumpre coas regras de sustentabilidade financeira no exercicio das novas competencias.
  - Que se emitiron os informes preceptivos polas Consellerías da competencia e por Facenda.

Hai que sinalar que as subvencións que se pretendan conceder a comercios, PEMES e hostaleiros non teñen encaixe nos artigos 25.2 e 26 LRBRL, polo que, salvo que a Comunidade Autónoma atribúa na súa lexislación competencias nas devanditas materias ás Entidades Locais (o que ocorre nalgunhas Comunidades Autónomas), previamente á concesión de subvencións deberase utilizar o procedemento do artigo 7.4 da LRBRL.

Como queda acreditado, as Leis da Comunidade Autónoma de Galicia, non outorgan competencia aos Concellos nesta materia, polo que, as emendas deben someterse na aplicación dos recursos a empregos que conformen competencias propias.

Como as emendas incorren na súa redacción no emprego de recursos públicos ao apoio económico ao





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 69/142  
Proxecto Orzamento 2021

comercio, hostalaría con axudas económicas, co gallo de non repetir a xustificación, remitireime na análise a este epígrafe.

O informado é compatible coa competencia que teñen as Entidades Locais de promoción do turismo prevista no artigo 25.2.h) da LRBRL, podendo desenvolver accións de promoción de compra no pequeno e mediano comercio ou de dinamización do tecido comercial como factor de arrastre de visita á cidade, así como aquelas axudas que poidan incardinarse nas competencias municipais en salubridade pública previstas no art. 25.2.j) da LRBRL.

#### **EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, con data 011/11/2020, rexistrada na mesma data, o Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes Gonzalez, voceiro do Grupo Municipal Populares de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2677/1101, presentou emenda a totalidade.

#### **EMENDA PRESENTADA POLO CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, MEMBRO NON ADSCRITO DO PLENO**

En data 11/11/2020, Sr. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, presentou emenda parcial co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2678/1101.

#### **EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO**

En data 11/11/2020, o Sr. Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2680/1101, presentou emenda á totalidade.

#### *Sobre a cualificación das emendas*

O Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, no seu artigo 83.1, regula as emendas a totalidade, nas que previo debate e neste caso fundamentado, suporía se fose aceptada a devolución do expediente á Xunta de Goberno Local.

#### *Avaliación das emendas*

As emendas presentadas, dende unha perspectiva formal, axústanse ao previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, estando equilibrada formalmente, non alterando cuantitativamente as contías aprobadas, e establecendo a priori, os recursos para o seu financiamento.

Ao marxe da súa tipificación como parciais ou a totalidade, as emendas teñen un mesmo obxectivo, o rexeitamento da proposta do Goberno aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 3 de novembro.

As emendas á totalidade, supoñen un rexeitamento da proposta con causa en criterios de: oportunidade,







CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 69/142  
Proxecto Orzamento 2021

en principios, en razóns políticas ou no espírito na utilización dos recursos e empregos dos mesmos.

#### *Emenda á totalidade presentada polo Voceiro dos Grupo Populares de Vigo*

A emenda a totalidade a xustifica o Sr. Voceiro en distintos eixes que van desde a falta de dotación ao apoio ao comercio e hostalaría, non compartir o criterio da relación de investimentos até a avaliación de insuficiencias de créditos para as accións relacionadas coa COVID 19.

Todas estas cuestións son de apreciación política non técnica.

En relación coa actualización das retribución correspondentes ao capítulo 1, cuxa contía estará, segundo o cálculo feito, en 537 mil euros, o devandito capítulo ten 323 vacantes, unhas asociadas a OEP, outras libres, que están dotadas para todo o ano, que ao non executarse na súa totalidade, xeran aforros suficientes para afrontar ese gasto se resultase da aprobación da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021.

As contías que se dotan no capítulo 1, son as suficientes para facer fronte aos custes da Plantilla vixente, incluídos os postos vacantes, ben por estar pendentes a execución de OEP, ou por non estar asociados a ningunha oferta de emprego e as cotizacións dos empregados á Seguridade Social, suficientes para atender os devengos previstos e a actualización que contén o proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, nun 0,9%, que terán a súa aplicación técnica dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos con cargo aos postos dotados para todo o ano 2021, que non están asociados a ningunha OEP ou que estando, non están executadas as mesmas.

O Proxecto de Orzamento, da cobertura ás obrigas que devenga a plantilla de persoal, os contratos en vigor cos prezos que en cada caso teñan formalizados, as transferencias obrigatorias e gastos de funcionamento operativo. Os demais recursos, poden ter os empregos que o goberno considere oportunos, sempre dentro dos límites das súas competencias que regulamenta a LRBRL, os que establece o TRLRFL e a Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En canto as subvencións, hai que estar ás competencias das Entidades Locais que regula a LRBRL e con carácter específico á normativa autonómica.

#### *Conclusión sobre a emenda presentada polo voceiro do Grupo populares de Vigo*

A emenda presentada polo Sr. Concelleiro D. José Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo populares de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2677/1101 á totalidade, o seu contido e inequivocamente político, non queda suxeita a un estudo-avaliación e consideración dun informe técnico, xa que a mesma non pon en cuestión o incumprimento do bloque normativo que lle é de aplicación a este tipo de expedientes, senón unha devolución do expediente que xustifica nos eixes alternativos de formación dun novo orzamento.

#### **EMENDA PRESENTADA POLO CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, MEMBRO NON ADSCRITO DO PLENO**

En data 11/11/2020, Sr. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, presentou emenda parcial co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2678/1101, cuxo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 09:59

Páxina 9 de 13

Expediente 69/142

CSV: 23EB8A-46E34A-3BCFCB-KXGZXW-PJGN63-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



contido se desagrega en 78 propostas.

A emenda presentada desagregábase en 78 alteracións, que para a súa análise agrupáronse con criterios de aplicacións novas, aumentos, diminucións e anulacións.

Motivo emenda	Nº de aplicacións	Aumento en euros	Diminución en euros
Creación novas aplicacións	32	6.451.257,00	
Aumento de aplicacións	31	6.911.000,00	
Diminución de aplicacións	8		8.045.057,00
Eliminación de aplicacións	7		5.491.200,00
	78	13.362.257,00	13.536.257,00

Non se incorpora a este informe os programas afectados, por estar reflectidos na emenda e por carecer de relevancia na análise que se está a facer da mesma.

Nun primeiro orde de competencias, a formación do Orzamento e unha prerrogativa outorgada polo artigo 168 do TRLRFL ao Presidente da Corporación, sendo o proxecto presentado o formado por quen lle corresponde legalmente ou por quen ostenta a delegación da competencia.

Sen entrar na oportunidade dos empregos orzamentarios tanto nas aplicacións a crear como nas que se propón un suplemento, o financiamento está a cargo de baixas ou anulación doutras aplicacións, que en determinados casos, están asociadas a contratos asinados ou convenios en vigor, polo que non sería posible minorar a dotación sen previamente rescindir o contrato ou minorar a súa contía. De non facelo, a prestadora do servizo estaría no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, xa que o orzamento non tería dotado os créditos suficientes para atender aos compromisos adquiridos, neste caso contractuais, que teñen a súa orixe nunha relación xurídica certa.

Os contratos que se verían afectados, entre outros, o de xestión de residuos, cunha diminución de 2.600.000,00 euros cuxa dotación resultante sería insuficiente para dar cobertura ao prezo do contrato. Outro os de alumeados do Nadal así como o de actividades e decoración e os dos servizos complementarios de educación ( aulas internacionais).

En relación coa diminución ou eliminación das aplicacións destinadas a cobertura de contratos en vigor, dada a contía do modificado ou a supresión total, suporía a resolución de contratos vixentes, coas indemnizacións legais que correspondesen segundo a Lei 9/2017.

A diminución en 3.000.000,00 euros da dotación destinada á reforma do Estadio Municipal de Balaidos, ten un financiamento afectado a cargo da Excm. Deputación de Pontevedra (cofinanciamento ao 50%), o cal suporía a perda automática da mesma por destinala a un fin distinto do considerado no convenio asinado.

En relación coa previsión contida no Fondo de Continxencia, considérase dende unha análise técnica, que a súa dotación é coherente en relación coa contía do orzamento para facer fronte a situacións imprevisibles que acontezan ao longo do ano 2021, polo que, a redución dun 50%, non é aconsellable. De non facer aplicación do fondo para modificacións orzamentarias imprevisibles, pasará a formar parte do superávit.

Todos os recursos que teñan orixe na baixa de aplicacións orzamentarias asociadas a contratos ou a convenios en vigor serían nulas, polo que, a proposta de creación ou maiores dotacións por unha contía de





13.536.257,00 euros, non dispoñen de recursos suficientes para o seu financiamento, polo tanto, a emenda estaría desequilibrada, resultando a proposta feita contraria a dereito por estar a xerar un déficit orzamentario (artigo 165.4 do TRLRFL).

*Conclusión da emenda presentada polo Sr. Concelleiro do bng*

A emenda presentada financia novos empregos ou aumento de outros, con recursos non suficientes, ben por estar os propostos asociados a contratos ou por ter financiamento afectado, de aí que non poden ser aplicables a outra finalidade. En consecuencia co anterior, a emenda en termos reais e legais, non estaría equilibrada, incumpríndose o previsto no artigo 83 do ROP, xerando un desequilibrio orzamentario que non o permite o art. 165.4 do TRLRFL .

De resultar rexeitada a emenda, non quedarían afectados os equilibrios orzamentarios, polo tanto, non require informe da Intervención, en caso contrario, se a proposta é de aceptación, terá que ser sometida a mesma ao informe do Sr. Interventor Xeral.

**EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO**

En data 11/11/2020, o Sr. Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2680/1101, presentou emenda á totalidade.

En relación cos fundamentos da emenda a totalidade, faise constar que non hai participación da sociedade na formación do orzamento, que non se actualiza o capítulo 1 do estado de gastos, que hai unha diminución dos investimentos, facendo unha proposta de 10 millóns de euros ao comercio local e autónomos, 5 millóns para o sector da hostalaría, campañas de promoción, etc.

Estase a manter a síntese da proposta de empregos alternativos que se facía ao expediente 680/441, xa informado.

En relación co fondo de axudas por unha contía de 15 millóns de euros, me remito ao informado no epígrafe *Cuestión previa relacionada co marco de competencias das Corporacións Locais*, na que se fai unha avaliación en relación coas competencias que teñen asinadas as Entidades Locais en relación con esta materia, polo que, non procedería, coa normativa vixente, facer unha aplicación de recursos a esa finalidade. Tampouco é de aplicación a competencia residual o xeral que regula o artigo 25.1 da LRBRL, por non estar delegada nin tramitada ante a Xunta de Galicia o exercicio desta competencia. A normativa da Comunidade Autónoma, tal e como se fixo constar, non outorgou nin delegou esa competencia, tampouco se tramitou a mesma con arranxo ao previsto no artigo 7.4 da LRBRL, nin ao contido do regulamentado na norma galega, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

As contías que se dotan no capítulo 1, son as suficientes para facer fronte aos custes da Plantilla vixente, incluídos os postos vacantes, ben por estar pendentes a execución de OEP, ou por non estar asociados a ningunha oferta de emprego e as cotizacións dos empregados á Seguridade Social, suficientes para atender os devengos previstos e a actualización que contén o proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, nun 0,9%, que terán a súa aplicación técnica dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos con cargo aos postos dotados para todo o ano 2021, que non están asociados a ningunha OEP ou

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 09:59	Páxina 11 de 13
	Expediente 69/142	CSV: 23EB8A-46E34A-3BCFCB-KXGZXW-PJGN63-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



que estando, non están executadas as mesmas.

En canto aos restantes empregos que se propoñen na emenda, constitúen unha opción política de aplicación alternativa dos recursos públicos a outros empregos distintos dos propostos polo goberno e aprobados pola Xunta de Goberno, que non está na posible avaliación técnica da emenda.

#### *Conclusión da emenda do grupo mixto*

A emenda presentada polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal Mixto, é unha emenda a totalidade establecendo unhas liñas xerais que debería conter o Orzamento do ano 2021.

A mesma non é obxecto de avaliación neste informe, por tratarse de apreciacións de contido de oportunidade política que terá que formar parte da proposta de aceptación ou rexeitamento.

Como emenda á totalidade, o Sr. Voceiro solicita a devolución do proxecto de orzamento para a apertura dun novo proceso de elaboración con criterios participativos, centrados na realidade da crise económica e social e coas prioridades descritas.

A emenda terá que ser sometida a votación, se é aceptada, o Orzamento será devolto á Xunta de Goberno Local, en caso contrario, o expediente continuará a súa tramitación.

#### *Conclusión das emendas*

As emendas presentadas polo Sr. Voceiro do Grupo Populares de Vigo e do Sr. Voceiro do Grupo mixto, son a totalidade, e piden a devolución do Proxecto á Xunta de Goberno Local, para unha nova formación tendo en consideracións as emendas presentadas e os criterios nos que se fundaron as emendas.

A emenda presentada polo Sr. Concelleiro do bng, membro non adscrito, supón unha aplicación alternativa dos recursos que ten un fundamento político, aínda que, tendo en conta que hai determinadas minoracións de aplicacións que están asociadas a contratos en vigor, os empregos propostos non terían financiamento suficiente.

Isto é todo o que ten que informar este técnico en relación coas emendas presentadas polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal dos Populares de Vigo, polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal Mixto e a presentada polo Sr. Concelleiro do BNG, membro non adscrito do Pleno.

#### *Axustes técnicos ás Bases de Execución*

- Dado que na actualidade estase a tramitar un expediente para a aprobación, antes do 31 de decembro do presente exercicio, dunha "Instrución sobre a tramitación dos contratos menores", coa participación transversal de diferentes áreas do Concello, cuxa finalidade é a de regulamentar todo o procedemento, a regulación contida na base 31ª ten carácter supletorio, e so se aplicará se non é contraria ou xera diverxencias co regulamentado na instrución que se aprobe.
- Deixar en suspenso o criterio xeral aplicable aos créditos extraordinarios que regula a Base 8ª das de Execución para as modificacións de crédito que se tramiten no último trimestre do ano, ou para aquelas outras que o dereito substantivo regule uns criterios distintos, en relación que os créditos teñen que quedar en fase de compromiso de gasto ao peche do exercicio.





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 69/142  
Proxecto Orzamento 2021

*Corrección erro na definición dunha aplicación orzamentaria*

No proxecto sometido a trámite, está a aplicación 1532.6190005, cunha definición do investimento incorrecta, hai que cambiar o nome de HUMANZ. G.BARBON ENTRE R.CASTRO EI.PERAL, por HUMANZ. T.LEAL, D.BOSCO-VENEZUELA

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro Municipal e Director Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 09:59	Páxina 13 de 13
	Expediente 69/142	CSV: 23EB8A-46E34A-3BCFCB-KXGZXW-PJGN63-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		